

RECOÑECIMENTO DO REGULAMENTO DA CONSTRUCCIÓN NAVAL EN MADEIRA ELABORADO POR AGALCARI POR PARTE DA DIRECCIÓN XERAL DA MARIÑA MERCANTE. UN PROMETEDOR PRIMEIRO CHANZO PERO INSUFICIENTE.

O pasado mes de xuño, a Dirección Xeral de Mariña Mercante (DXMM) asinou un informe favorábel recoñecendo o "USO E APLICABILIDADE" do Regulamento feito pola Asociación Galega de Carpinteiros de Ribeira, AGALCARI, un estándar no tocante á construción naval en madeira totalmente actualizado e que recolle as novas tecnoloxías e procesos no tratamento de madeira. Unha norma a usar polos carpinteiros de ribeira galegos coa que tamén queren acadar un selo de calidade nas súas construcións.

CULTURMAR aplaude a iniciativa levada a cabo por AGALCARI, firmes defensores da construción naval en madeira. Un material que está en franca desvantaxe administrativa fronte a outros materiais, nun período especialmente sensíbel para a opinión pública por mor dos residuos plásticos, o impacto da pegada de carbono e a análise de ciclo de vida de cada produto, eidos onde a madeira presenta claras e significativas vantaxes. Porén, o paso dado pola administración, malia estimármolo esperanzador, dista moito de estar acorde coa sensibilidade social no tocante ao respecto ao medio ambiente.

CULTURMAR, considera que tanto a administración central, representada pola DXMM, como a autonómica deben iniciar unha política de potenciación do uso de industrias navais con menor impacto ambiental tanto en termos de construción como de reciclaxe. AGALCARI fixo un esforzo importante actualizando os regulamentos aplicábeis á construción naval en madeira (CNM), claramente obsoletos, e marcando un estándar construtivo á altura das expectativas tanto de normativas propias (seguridade e inspección marítima principalmente) como medioambientais, que como tal debería ser recoñecido. Así pensamos que a inclusión nese informe do engadido "favorábel [...] en todo aquilo que non sexa contrario ao disposto na normativa vixente", manifesta unha reserva non xustificada, xa que dita verificación pode levarse a cabo. Instamos, xa que logo, se leven a cabo as accións oportunas para verificar se dito regulamento cumpre coa normativa, eliminando dito parágrafo, o que evitará, sen dúbida algunha, reticencias ao seu uso como un estándar construtivo á vez que lle confire un valor engadido aos procesos aplicados por AGALCARI na construción de embarcacións de madeira e recollidos no seu regulamento.

Pola outra banda, CULTURMAR entende que se tal como se recolle nos medios de comunicación, a Administración Galega apoia o desenvolvemento deste Sector, netamente artesanal pero aberto ás innovacións tecnolóxicas que melloren a calidade e seguridade das súas construcións, debería comprometerse a que dito regulamento poida acadar un recoñecemento certificado por AENOR.

Aproveitamos, xa que logo, esta nova para que dende a Xunta de Galicia se leven a cabo as accións oportunas tanto propias (no tocante á certificación do regulamento e incentivos para a construción naval en madeira) como ante a Administración Xeral do Estado, para que a Construción Naval en Madeira teña o mesmo tratamento administrativo que os outros materiais usados no segmento de embarcacións (eslora inferior a 24 m) e, en todo caso, se incentive o seu uso ao tratarse dunha industria de alto I+D+i local, uso de materia prima autóctona, con pouco gasto en manipulación e unha garantía de

reciclabilidade non observada noutros materiais.

Cómpre salientar, finalmente, o alarmante descenso de mestres carpinteiros de ribeira. Emporiso, entendemos que as accións a levar a cabo son de urxencia, toda vez que en breve non haberá carpinteiros que poidan construír nin formar novas xeracións. Unha perda irreparábel tendo en conta a próxima declaración como Ben de Interese Cultural Inmaterial das técnicas construtivas da carpintaría de ribeira.